

Blanco Pérez, Domingo.
Historia da literatura popular galega,
«Biblioteca de Divulgación», serie Galicia,
núm. 4, Universidade de Santiago
de Compostela, 1994.

OLIVIA RODRÍGUEZ GONZÁLEZ

A través dunha colección divulgativa da Universidade de Santiago, Domingo Blanco fai unha síntese apertada dos seus traballos verbo da literatura oral popular en Galicia, que concretamente discorreron polo eido da poesía e se centraron nos séculos XVIII e XIX, época das primeiras transcripcions cultas. En efecto, o seu mellor estudio publicouse en 1992 e versaba sobre a poesía popular do período comprendido entre a avanzada do padre Sarmiento (1745) e a edición nunha biblioteca especializada do «Cancioneiro» de José Pérez Ballesteros (1885). O seu propósito daquela era o de fixar e limpar uns textos recollidos nese intervalo, para o cal fornecía un serio estudio introductorio cargado de aparato crítico rigoroso. Se ben as notas a pé de páxina desaparecen agora, o escrito neses preliminares repítese, readaptado, no que constitúe a introducción e a parte central do libro. Domingo Blanco aclárao oportunamente e moléstase en sinalar traballos anteriores e posteriores a aquel estudio, para non deixar dúbidas desta reelaboración que manexa, con xitosa habelencia, as artes do labor de intertextualidade ó que o estudioso de hoxe se autosomete con frecuencia.

Este ir aproveitando ideas e datos xa coñecidos por textos anteriores, que por outra banda non había máis remedio que repetir polo seu carácter conclusivo, explica por qué esta obra consta de partes descompensadas: o «novo», é dicir, o relativo á Idade Media e o século XX, ocupa menor espazo e unha reflexión menos profunda que o concernente ó século XIX. Vexámo-lo desenvolvemento do libro:

Paseniñamente ocúpase de face-las oportunas conclusións acerca dos vestixios da literatura oral («Só sombras proxectadas») nos Cancioneiros medievais:

—Os trazos de estilo de algunhas composicións fácenas parangonarse con certas formas expresivas e con contidos de unha importante corrente medieval.

—É evidente o feito de que, se non nos consta o carácter popular destas cantigas, tampouco nada nos asegura que estes trobadores ós que se atribúen foron os seus creadores orixinarios.

—E, por último, mérecelle atención unha tradición de «canción de muller» que irá rastrexando posteriormente, con máis trazas de veracidade que de lenda (nas mencións ás «cantadeiras», por exemplo).

O ton pausado desta primeira parte está en consonancia co inmellorable estado da crítica e o saber que máis alá sería complexo chegar a partir dos documentos con que se conta.

Das noticias extraídas verbo dos «séculos escuros» élle fácil defende-la hipótese da vitalidade desta literatura fronte á decadencia da culta. As pegadas que nos chegaron, desde o século xv (os cantares referidos ó mariscal Pardo de Cela) son escasas e fragmentarias. Aínda así, permiten detecta-lo cambio de formas: do dístico de arte menor con estribillo e paralelismo ás estrofas de catro versos de arte menor e sen estribillo (a copla sería a forma dominante a partir do século xviii). Obsérvase, por outro lado, a influencia castelá de acordo coa evolución sociolingüística do galego testemuñada por ilustres persoeiros do s. xviii. Estes homes interesados pola literatura popular empezan dándolle só valor de anécdota (Cernadas), para rematar estudiándoa como obxecto con valor de seu (Sobreira).

A partir deste momento, Blanco ocúpase de cómo descubren os homes cultos a literatura popular, a transcriben e a xulgan, que da literatura popular mesma. A extensión desta obra de divulgación non dá para moito, pero quizáis debería podar máis e mellor as citas intercaladas. Con todo, o seu interese polas situacións de creación e transmisión desta literatura fácenlle rastrexar testemuñas varias dun coñecemento en vivo destes pormenores, que ó cabo son os que máis rechamantes resultan. E «a xeito de balance» resume as conclusións que se extraen de todo aquilo.

Bótase de menos nesta parte o ton pausado da primeira, diante da abafante lectura de datos que os filólogos, historiadores, cultivadores do artigo de costumes e máis tarde estudiosos especializados, van fornecendo ó longo do século xix. Os fitos na progresión no estudio da literatura popular pódense resumir deste xeito: se para Murguía as mostras desta literatura son «instrumento da historia», para o recopilador López Ballesteros xa teñen importancia estética propia. Case ó meso tempo que este, publica a súa obra Rosalía de Castro. O seu libro *Cantares Gallegos* supón «a intersección histórica (se cadra a única na literatura galega) de dúas castes de literatura (...) e inicia o transvasamento de influencia entre ambas». A partir de aquí medrará o aproveitamento do caudal popular por autores cultos, en especial por narradores, ó mesmo tempo que certas composicións cultas —da mesma Rosalía, de Curos Enríquez, etc.— pasarán a formar parte inconscientemente do acervo popular.

O estudio sistemático desta literatura inícialo Murguía, inda que Manuel

Milà y Fontanals e Juan Antonio Saco y Arce son os únicos en facer sobre ela verdadeira crítica literaria. Pola súa banda, a prensa dende os anos 70 encárgase de espalla-los textos populares.

Por fin, tra-la aceptación, aínda con reservas morais e estéticas, da literatura popular polo público culto, vén a expansión fóra de Galicia da man de colegas do resto da Península: especialmente da Sociedad Folklórica de Sevilla que Machado y Alvarez logrou, que se transplantase a Galicia baixo a presidencia de Emilia Pardo Bazán. É así, segundo Blanco, como se institucionaliza —aínda que sería por pouco tempo— a literatura popular galega. Mantense viva esta, dándose a coñecer a través de transcripcións, coas mesmas características e modalidades de antano, e co humor como actitude predominante de estilo.

Nas páxinas dedicadas ó coñecemento da literatura popular do século xx volve a brevidade a se-lo risco dominante. O estilo de Blanco é agora case de guía bibliográfica comentada. Na primeira metade distingue dúas fases de aproximación culta: a prolongación dos proxectos decimonónicos a través de boletíns e revistas que se manteñen tanto dentro de Galicia como na emigración, e que dan especial relevo ó estudio da música popular; e o grande pulo que supón o nacionalismo cultural das Irmandades para a modernización dos criterios de clasificación e análise dun ben cultural onde os teóricos estetas do nacionalismo cren atopar prístino o cerne galego.

Despois da guerra volve o interese a partir do labor editorial en galego e mailas novas promocións de romanistas da Universidade. Curiosamente é a narrativa popular, a máis desatendida ata agora, a que merece máis traballos. No tocante á poesía cantada, Blanco mostra a súa admiración pola perfecta recadádiva e estudio de D. Schubart e A. Santamarina, *Cancioneiro popular galego* (1984), obra clave dos últimos anos.

Blanco reseña deste período o crecente número de fixacións por escrito dos textos populares xunto o estrago da «primeira existencia» desta literatura, por cambios debidos á desruralización e á invasión do modelo urbán na aldea. E acaba co anuncio, un chisco enigmático, de novas versións desta literatura á que aínda lle queda certa vida de futuro.

Domingo Blanco énos xa unha autoridade consagrada no estudio da literatura popular galega, razón pola que se lle confiou o presente libro divulgativo, e pola que se lle cita obrigadamente en calquera investigación sobre o tema. Educado en Alemaña con romanistas especializados en literatura popular, entregou a súa intelixencia e o seu esforzo á literatura menos estudiada —láíase o autor de que aínda non ocupe ningún posto nos planos de estudos filolóxicos— pero máis espallada ó longo dos tempos. Como pode verse repetido agora no limiar do libro, Blanco xa deixou definido o termo «popular», mesturando criterios etnográficos e sociolóxicos idóneos para o caso galego. Fixou tamén as súas características, os seus temas e formas dominantes, advertindo de cándido debe unha peza ser considerada verdadeiramente popu-

lar. Por último, dende a óptica da «recepción» literaria, analizou aquilo que distingue a literatura popular da culta e puxo especial empeño en lembrar ós receptores cultos que se debe tenta-la valoración xusta dunha literatura con dúas existencia, tal como definiu Wolfgang Suppan: a primaria, no medio dunha comunidade iletrada que a xerou para uns fins moi concretos; e a secundaria, a mediatizada por homes de letras, e a única accesible para nosoutros.